

## Relación provisional de persoas admitidas e excluídas

En sesión que tivo lugar o 25 de novembro de 2015, a comisión de valoración para o proceso selectivo das bolsas para a formación en prácticas para titulados/as superiores universitarios/as e de formación profesional en asuntos relacionados coa Unión Europea para o ano 2016,

### ACORDOU

Primeiro.- Facer pública, como anexo a este acordo, a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as xunto co motivo da exclusión, de acordo co establecido na convocatoria.

Segundo.- Abrir un prazo para que as persoas aspirantes poidan emendar os erros que consideren ou presentar as alegacións que estimen oportunas ata as 14 horas do día 1 de decembro, martes. As ditas reclamacións irán dirixidas á comisión de valoración e serán presentadas no rexistro da Fundación Galicia Europa (Rúa do Hórreo, 61-3º, 15701 Santiago de Compostela ou Rue de la Loi, 38, 2º, bte.2, 1040, Bruxelles) ou a través do correo electrónico [santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu](mailto:santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu)

Terceiro.- Convocar aos/ás aspirantes admitidos/as á realización da primeira fase do proceso de selección, fase escrita, que se realizará o día 4 de decembro, venres, ás 10.00 h na sede da Escola Galega de Administración Pública (rúa Madrid 2-4, Polígono de Fontiñas, Santiago de Compostela) e na oficina da FGE no caso do exame de Bruxelas (Rue de la Loi 38, bte.2, 1040 Bruxelas)

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2015